



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Traballo de curso -
Desenvolvemento
Rexional e
Desenvolvemento
Local

**Aprendizaxe-Servizo:
análise
socioeconómica do
barrio de Sar**

Lamas Sóñora, Miriam

Rodríguez Castro, Aitana

Rodríguez Soto, Belén

Quintas Crespo, Alejandro

Maio de 2018

Índice

Índice	2
Índice de figuras	4
Introdución	5
1. O Barrio de Sar: historia a través do mapa do territorio	5
2. Galería fotográfica.....	7
2.1 Roteiro polo Barrio	7
2.2 Redes sociais	11
2.3 Fotos antigas cedidas polo Espazo Veciñal de Sar	12
3. Breves notas sobre a EDUSI e o programa Compostela Móvese.....	13
4. O Local SocioCultural do Barrio de Sar.....	15
4.1 Encontro coa persoa responsable do Local SocioCultural	17
Análise socioeconómica	18
1. Encontros con axentes sociais, veciñanza, tecido empresarial e negocios do Barrio.....	18
1.1 Delimitación do Barrio	19
1.2 Percepción do Barrio	19
1.3 Infraestruturas e monumentos; oferta de ocio	20
1.4 Servizos públicos	21
1.5 Seguridade.....	22
1.6 Asociacionismo.....	22
1.7 Aspectos económicos.....	23

2.	Seguimento das novas sobre o Barrio nos medios de comunicación.....	24
3.	DAFO.....	26
	Propostas de mellora.....	28
	Conclusións	30
	Bibliografía.....	31
	Anexos	33
1.	Cuestionarios empregados nas entrevistas realizadas.	33
1.1	Entrevista co Espazo Veciñal de Sar e coa Asociación Cultural "Eu de Sar de toda a vida"	33
1.2	Entrevista co CSA do Sar	34


Índice de figuras

MAPAS DO BARRIO DE SAR DENTRO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.	6
TIPOS DE LOCALIZACIÓN PARA AS INSTALACIÓNS SOCIOCULTURAIAS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.	15
PIRÁMIDE POBOACIONAL DO BARRIO DE SAR.	16
PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DO LSC SAR.	16
INTEGRANTES DO EQUIPO DE TRABALLO COA RESPONSABLE DO LOCAL SOCIOCULTURAL.	17
INTEGRANTES DO EQUIPO DE TRABALLO EN DISTINTOS ENCONTROS.	18
LIÑA DE BUS QUE DA SERVIZO AO BARRIO DE SAR.	21
NOVAS PUBLICADAS NO XORNAL EL CORREO GALLEGO.	24
NOVAS PUBLICADAS EN LA VOZ DE GALICIA E EL CORREO GALLEGO.	25
NOVAS PUBLICADA NUN XORNAL DIXITAL.	25

Introdución

1. O Barrio de Sar: historia a través do mapa do territorio

O Barrio de Sar leva o nome do río que o cruza; creceu ao redor do camiño sur da entrada á cidade de Santiago de Compostela. A súa configuración quedou determinada polo río e polo antigo mosteiro. O pequeno núcleo inicial foise unindo paulatinamente á cidade e os vellos camiños son hoxe rúas urbanas aínda que, a pesar diso, o barrio conserva aínda a súa esencia rural nas súas hortas e nas súas edificacións tradicionais.





1: MAPAS DO BARRIO DE SAR DENTRO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

2. Galería fotográfica

A continuación mostramos imaxes do Barrio de Sar a partir dunha camiñada de 10km que fixemos sobre o territorio e tamén algunhas imaxes que recompilamos nas redes sociais.

2.1 Roteiro polo Barrio



2: ENTRADA A SAR DESDE BELVÍS E A RÚA PATIO DE MADRES; RÚAS DOS PEXIGOS E DESPERFECTOS NAS CALZADAS.



3: CSA DO SAR; ARREDORES DA COLEXIATA DE SAR.



4: PARQUE INFANTIL; LOCAL SOCIOCULTURAL; LIÑAS DE AUTOBUSES E ESCOLA DE TEATRO NO BARRIO.



5: ZONA RURAL DE SAR - ANGROIS.



6: ZONA VERDES - BRAÑAS DO SAR; COLECTORES DO LIXO E RECICLAXE.



7: INSTITUTO DE SAR; VISTA LATERAL DA COLEXIATA, ZONA URBANA DO BARRIO CON DESPERFECTOS NAS CALZADAS.



8: ZONAS RURBANAS DO BARRIO DE SAR.



9: DIVERSAS EDIFICACIÓNS; INSTALACIÓNS AO REDOR DA COLEXIATA.




10: ZONA DA PONTE ROMANA DE SAR.




11: LAVADOIROS, FINCAS E RÚAS NO BARRIO.

2.2 Redes sociais



12: BARRIO DE SAR; FEIRA MEDIEVAL; DISTINTAS FESTIVIDADES RELACIONADAS COA COLEXIATA.



13: CSA DO SAR; BRAÑAS DO SAR; INTERIOR DA COLEXIATA E INTERIOR HISTÓRICO DUN ESTABLECIMENTO NO BARRIO DE SAR.

2.3 Fotos antigas cedidas polo Espazo Veciñal de Sar




14: CASTRÓN DOURO E RÚA DE SAR, ENTRE OUTRAS.

3. Breves notas sobre a EDUSI e o programa Compostela Móvese

EDUSI é un programa operativo de crecemento e desenvolvemento urbano sostible de Santiago de Compostela para o período 2015-2025. Os principios deste programa son: a presentación dunha estratexia integrada a longo prazo e a participación cidadá, principalmente.

Instruméntanse mediante **18 liñas de actuación**, entre as que estarían o uso das TIC para a mellora da calidade de vida, a rexeneración económica e social en barrios e colectivos desfavorecidos e o fomento da mobilidade urbana sostible. Tamén hai **3 vectores estratéxicos**: Compostela Accesible, Compostela Patrimonial e Compostela Inclusiva, que se relacionan cas 18 liñas de actuación.

Para identificar as prioridades de actuación, a estratexia EDUSI leva a cabo un análise DAFO para a obtención da información necesaria, que se agrupa por áreas temáticas, para tratar os resultados dunha forma transversal. Unha vez definido o ámbito de actuación este contrastase coa cidadanía e os axentes implicados e as prioridades de actuación resultantes deste análise actúan sobre diversos ámbitos entre os que se encontra a área urbana, o medio ambiente, o turismo, a mobilidade e o patrimonio. Estas estratexias retroaliméntanse coas actuacións da gobernanza sobre o emprego e o social.



15: EDUSI.

A parte das estratexias a longo prazo, existen **tres elementos clave que reflexan as preocupacións presentes e prioridades de actuación nun período de tempo máis curto dentro dunha estratexia de crecemento urbano sostible**. Estes son os seguintes:

- Unha maior atención aos barrios e aos asentamentos non centrais.
- A necesidade dun cambio de modelo na planificación e xestión da mobilidade, actuando nas distintas escalas dun modo integral, así como dunha concienciación cidadá cara unha mobilidade sostible.
- A relevancia non só do patrimonio cultural senón tamén do patrimonio natural-ambiental e do inmaterial e a necesidade da súa posta en valor.

As estratexias de curto prazo están *interrelacionadas coas prioridades de longo prazo*. Estas últimas xiran en torno aos tres vectores estratéxicos que citamos anteriormente: Compostela Inclusiva, dedicada ao fomento dos barrios a través da inclusión e a igualdade; Compostela Accesible, que promove a mobilidade sostible; e Compostela Patrimonial, que ten como obxectivo o fomento da marca Santiago como mostra dun turismo de calidade.



16: DA CIDADE MUSEO Á CIDADE DOS BARRIOS.

Con estas actuacións o Concello de Santiago pretende a **mellora da cidade dunha maneira integrada**. Aínda que o orzamento só abarque a zona urbana e interurbana que limita o Concello, as estratexias buscan ter un impacto máis amplo, é dicir, que non só chegue á cidade senón que tamén teña influencia na área metropolitana.

A EDUSI ten como obxectivo **ir máis alá en canto a fronteiras, pero tamén en canto a participación**. A participación cidadá representa un pilar fundamental no desenvolvemento destas estratexias. Por iso levouse a cabo a creación de mesas temáticas, workshops, foros participativos e enquisas para así ter en conta a opinión de toda a cidadanía, experta ou non, e implementar as diferentes liñas de actuación en cada zona do Concello.

4. O Local SocioCultural do Barrio de Sar

O Concello de Santiago de Compostela dispón de diversas instalacións dentro da RSC: Equipamentos Socioculturais, Centros Socioculturais e Local SocioCultural.

O **Barrio de Sar** dispón dun **Local SocioCultural**. A **misión principal** que lle outorga o Concello de Santiago de Compostela a este tipo de locais é a de garantir os servizos de proximidade e traballar na escala barrio/parroquia/zona. Na súa programación, buscan o equilibrio entre as diversas liñas programáticas e tentan fomentar a participación como eixo de traballo. O persoal vinculado a estas instalacións debe coñecer ben o entorno e as necesidades dos usuarios.

Ademais da distinción que fai na tipoloxía das instalacións, o Concello de Santiago de Compostela diferencia tres tipos de localizacións para as mesmas: zona urbana (cor vermella) zona Rururbana (cor azul), zona rural (cor amarela).




Ilustración 17: TIPOS DE LOCALIZACIÓN PARA AS INSTALACIÓNS SOCIOCULTURAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O Local SocioCultural de Sar (de agora en diante, LSC Sar) atópase, segundo esta clasificación, nun **territorio Rururbano** e conta cunha parcela de 157 m², aínda que só 99 m² están construídos.

A **pirámide de poboación** que se mostra a continuación representa a estrutura por idades da poboación residente (empadroadada) no ámbito de influencia do LSC Sar; todos os datos demográficos están referidos ao Padrón Municipal de Habitantes con data 1 de xaneiro de 2016.




Ilustración 18: PIRÁMIDE POBOACIONAL DO BARRIO DE SAR.

A **composición da poboación** residente no ámbito de influencia do LSC Sar en función da súa orixe (lugar de nacemento) é a seguinte:

Tipoloxía funcional	Nome e tipoloxía territorial	Santiago de Compostela (%)	Resto de Galicia (%)	Resto de España (%)	Estranxeiro (%)
[L3]	Sar	48	32	7	13

A continuación podemos ver unha **ficha do LSC Sar**, na que se resumen as súas principais características:

Ilustración 19: PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DO LSC Sar.



- **Salas normalizadas (1):** AULA DE INFORMÁTICA
- **Salas polivalentes (3):** SALA POLIVALENTE, SALA DE OBRADOIROS, RECEPCIÓN
- **Salas reservadas (2):** ESCRITORIO, ALMACÉN

4.1 Encontro coa persoa responsable do Local SocioCultural



Ilustración 20: INTEGRANTES DO EQUIPO DE TRABALLO COA RESPONSABLE DO LOCAL SOCIOCULTURAL.

O primeiro encontro que levamos a cabo foi coa responsable do Local SocioCultural do Barrio de Sar. Este Local está situado no número 43 da Rúa Ponte de Sar e dispón de varios espazos, non moi amplos, para levar a cabo actividades durante algúns días laborábeis. A entrevista foi semiestruturada en canto ao tipo de preguntas e durante a mesma tamén tivemos aportacións de persoas usuarias do Local.

Contáronnos que a xente usuaria do Local abrangue idades moi diversas, dende nenos e nenas até xente maior. As actividades que as persoas usuarias poden facer nas instalacións son inglés, pintura e preescolar na casa, no caso dos cativos e cativas; e ximnasia terapéutica, informática, inglés e bordado no caso das persoas máis maiores. As persoas usuarias do espazo son na súa maioría veciñanza do Barrio.

O servizo que prestan no Local é de atención sociocultural, é dicir, actividades sociais que pretenden chegar á veciñanza. O obxectivo é que a xente teña á súa disposición actividades a prezos axeitados e tamén funcionar como punto de encontro e convivencia. En canto a isto último o Local non está funcionando como tal, pois o horario de apertura do centro é reducido -mércores, xoves e venres- e as dimensións físicas do mesmo son reducidas. Por outra banda, as persoas traballadoras do centro non son residentes do Barrio senón traballadoras no mesmo.

O resto de información extraída de esta entrevista semiestruturada serviunos como guía para o resto dos encontros; a información se presenta no seguinte apartado.

Análise socioeconómica

Nos novos marcos de relacións socioeconómicas que se establecen a partir dos mecanismos globalizadores, paradoxicamente, as cidades gañan relevancia como ámbito para a aplicación de políticas integrais que teñan como obxectivo o desenvolvemento económico, políticas baseadas en modelos de desenvolvemento endógeno.

Sobre un territorio, os modelos de desenvolvemento endógeno procuran potenciar as capacidades internas do mesmo, para así poderlas empregar para fortalecer á sociedade e á súa economía, de xeito sustentable e sostible no tempo.

Para coñecer as capacidades internas do Barrio de Sar é preciso coñecer a súa realidade socioeconómica e analízala: mediante os encontros e entrevistas aos diferentes axentes que conforman o Barrio e coa clasificación da información obtida nun DAFO, pretendemos recabar a información necesaria para facer algunha proposta de mellora para esta área de Compostela.

1. Encontros con axentes sociais, veciñanza, tecido empresarial e negocios do Barrio



Ilustración 21: INTEGRANTES DO EQUIPO DE TRABALLO EN DISTINTOS ENCONTROS.

Os seguintes encontros que realizamos foron con diversos axentes do Barrio -sociais, veciñanza, tecido empresarial e negocios-, a través de cuestionarios estruturados que axuntamos no anexo deste informe. Para a extracción da información optamos por facelo por bloques temáticos e mantendo a confidencialidade das opinións verquidas.

1.1 Delimitación do Barrio

O Barrio de Sar non foi sempre como se coñece agora mesmo; **antes era moito máis extenso** pois no seu momento foi Concello. Segundo a documentación á que tivemos acceso, este ía dende o Pico Sacro, pasando por Lavacolla até os Concheiros. O Concello de Sar, dividido en Sar de Arriba e Sar de Abaixo, existiu coma entidade xurídica entre 1821 a 1823.

Actualmente, a veciñanza de Sar ten **opinións diversas** sobre a **delimitación do Barrio**. Todos os axentes cos que nos entrevistamos coinciden en non considerar a Viso, Angrois e Picaños como parte do Barrio e tampouco á Cidade da Cultura, pero existen discrepancias á hora de considerar a Castrón Douro e Pexigos como parte do Barrio, entre outras zonas ou lugares como o Parque de Belvís. Deste xeito, **podemos delimitar o Barrio** dende o Multiusos do Sar, quedando partido pola ponte do tren e a da estrada e chegando até os arredores do IES de Sar, incluído.

Un aspecto destacable do Barrio de Sar e que presenta tanto zonas urbanas como zonas rurais, converténdose así nunha **área rurbana** na periferia da cidade de Compostela.

1.2 Percepción do Barrio

Todos os axentes sociais e económicos do Barrio **caracterizan a Sar como un dos barrios únicos existentes a día de hoxe en Compostela**. Mentres a urbanización da cidade foi absorbendo as zonas máis rurais de Santiago, Sar foi capaz de contrapoñerse á excesiva edificación e permanecer case intacto. Como resultado disto, este Barrio está composto case na súa totalidade por vivendas unifamiliares e en menor medida por vivendas en aluguer nas que se foi instalando moita xente nova, dende estudantes e xente de mediana idade ata familias e incluso artistas. Aínda que existe vivendas baleiras e abandonadas, non podemos afirmar que sexa unha tendencia xeneralizada en toda a área. A poboación máis envellecida que reside nel son persoas que pasaron toda a súa vida ou gran parte dela no Barrio. Isto fai que todos teñan un **mercado sentido de pertenza** e se refiran a **Sar** como un Barrio con **personalidade propia**.

A **parroquia** tivo moito que ver neste sentimento dos veciños e veciñas cara o Barrio, no sentido de que exerceu de punto de encontro e facilitou a comunicación entre as diferentes persoas que integran Sar, facéndoo un Barrio máis aberto as relacións humanas e sociais.

Como **elemento identificativo** destacan as pequenas tendas de xente do propio Barrio con relevo xeracional que prestan servizos mínimos e que teñen horarios que non son os comúns. En canto á súa actividade, algúns axentes cos que nos entrevistamos coinciden en que a veciñanza é usuaria deste comercio de proximidade polo trato de

confianza que lles ofrecen, sen necesidade de desprazarse ao centro da cidade para realizar compras. Sen embargo outros opinan que para consumir en grandes cantidades hai que desprazarse á cidade, sendo case hábito as visitas ao mercado de Abastos.

1.3 Infraestruturas e monumentos; oferta de ocio

O Barrio de Sar posúe unha serie de **infraestruturas e monumentos** a destacar, xa sexan de carácter histórico ou máis recente.

Débese comezar, como non pode ser doutra maneira, pola **Colexiata de Santa María do Sar**. Foi fundada no ano 1134 e é o edificio románico mellor conservado de Santiago, aínda que de maneira milagrosa, porque xa sexa por un defecto de fábrica ou porque cedera o terreo anegado con frecuencia polas augas do río veciño, as bóvedas baixaron inclinando as columnas e muros, polo que se lle engadiron contrafortes no século XVIII. Actualmente, para a comunidade constitúe un *centro social*, xa que a Colexiata pon os seus terreos a disposición de quen queira usalos. Na parte traseira hai un espazo no que se celebran festas do Barrio e posúe tamén un parque infantil. Ademais disto, o cura, Don Xosé, é un membro de suma importancia para o Barrio; todos os axentes recoñecen a súa labor ao longo da súa vida: brindando axuda a quen a pide e velando pola comunidade en colectivo.

Delimitando o Barrio, encóntrase o **monte Gaiás**, onde actualmente está a Cidade da Cultura de Galicia, un complexo cultural que iguala en extensión ao casco histórico compostelá.

Por riba do río pasa a **ponte románica de Sar**, de 22 metros de longo, que forma parte da **calzada romana de Sar** e supón unha ruta de entrada para os peregrinos da Vía da Prata a Santiago. Nestes momentos, diversos axentes aseguran que empeza a ser un lastre para a mobilidade con automóbil, xa que é moi estreita para ser de dobre sentido; isto unido ao mal estado no que se encontra a calzada en xeral, é unha enorme molestia para os residentes do Barrio.

As **Brañas de Sar** son un espazo dunhas 33 hectáreas que forman parte da cunca do río Sar. Son unhas zonas parcialmente anegadas e situadas á beira do río, que posúen un gran valor ecolóxico por reter a auga cando chove en exceso, evitando así inundacións. Ademais, proporciona refuxio e alimento para numerosas especies de animais. O paseo vai dende as piscinas do Multiusos fontes do Sar ata Pontepedriña, e ao longo de 4 quilómetros somérxese nun Santiago rural de muíños, sembradíos, acequias..., pasando pola Colexiata, o Camiño real e a ponte románica. Xunto coa Vía da Prata e a Colexiata supón un grande interese turístico de Sar.

En canto á **oferta de ocio**, o Barrio non posúe os principais eventos propios dunha cidade, como pode ser cine, teatro, feiras, etc. Porén, teñen asociacións que organizan numerosas actividades e festas: dende o centro autoxestionado pasando pola comisión de festas, a veciñanza ten á súa disposición unha ampla oferta de cursos como de calceta, boxeo, pintura, entre outros moitos.

1.4 Servizos públicos

Sar **non dispón de garderías públicas** no propio Barrio pero os cativos e as cativas teñen asignada a gardería municipal de Fontiñas ou a gardería xestionada pola Xunta (A Galiña Azul) máis próxima (detrás do Parlamento). **Ademais**, Sar conta co colexio Ramón Cabanillas e o IES de Sar, para os cales dispoñen de transporte escolar.

En canto a **servizos sanitarios**, o centro de saúde que se lles asigna á veciñanza de Sar é o Concepción Arenal; varios dos axentes cos que falamos consideraban que este era un servizo deficitario do Barrio pois moita veciñanza ten dificultades para desprazarse ata alí. O Barrio dispón dunha farmacia. Sen embargo, malia a gran cantidade de poboación de avanzada idade que vive no Barrio, este non dispón de ningún centro de día.

Se nos fixamos nos **servizos de transporte**, aínda que polo Barrio de Sar pasan varias liñas de autobuses, todos os axentes se mostraron descontentos coa frecuencia das liñas. Trátase dun servizo esencial para o Barrio, pois dados os poucos servizos que ofrece o Barrio, moitas persoas téñense que desprazar a miúdo a outras zonas de Santiago de Compostela.



Ilustración 22: LIÑA DE BUS QUE DA SERVIZO AO BARRIO DE SAR.

Por outro banda, o Barrio de Sar ten varias **rúas con moito tránsito de coches**, sobre todo os días nos que hai partidos no Multiusos e tamén por mor dos que tratan de evitar atascos do centro: moi poucos destes vehículos paran no Barrio. Todos os axentes cos que tivemos a posibilidade de falar coincidiron en que unha posible causa de que os coches que transitan polo Barrio non fagan paradas nel é pola **falta de estacionamento**. A escaseza de aparcadoiros para coches foi unha tema moi

recorrente en todas as entrevistas, pois a veciñanza quériase de non ter onde aparcar e as persoas responsables de negocios opinan que iso lles ocasiona perdas.

1.5 Seguridade

En canto á seguridade existente no Barrio percibimos unha **certa controversia** nas entrevistas realizadas aos diferentes axentes. Mentres uns nos daban unha imaxe de Sar como lugar seguro e tranquilo no que poder asentarse familias, outros desmitificaban o Barrio neste aspecto.

Estes axentes que nos daban unha percepción totalmente diferente xustificáronse nos feitos ocorridos nos últimos anos. Os máis recentes teñen que ver coa explosión dunha bomba de palenque nun coñecido bar do Barrio e con desperfeitos nos cristais de case un centenar de coches. Ademais, hai uns catro anos certas persoas no Barrio asasinaron gatos con pistolas de balines. Este suceso afectou a varias persoas de Sar e incluso chegaron a relatarnos como unha veciña tivo que abandonar o seu Barrio por mor a que lle asasinaran as demais mascotas, tras sufrir varias ameazas.

Polo tanto, se nos poñemos a analizar a seguridade no Barrio non podemos asociar a Sar como un barrio marxinal, pero tampouco podemos dicir que é un barrio seguro no que non sucedan altercados de cando en vez. Por outra banda, a falta de alumeadado público dificulta a visibilidade en moitas rúas de noite, facendo que a veciñanza non se sinta protexida ao camiñar por elas a altas horas da madrugada. Non podemos obviar a problemática específica das mulleres neste aspecto, porén algo xeneralizado na sociedade.

Podemos afirmar que tras estes sucesos a Policía Local incrementou a súa presenza polo Barrio pero non se tomaron represalias contra aquelas persoas que atentan contra a seguridade na zona.

1.6 Asociacionismo

O Barrio de Sar conta coa presenza de diversos colectivos que entrevistamos neste proxecto. A **Asociación Cultural 'Eu de Sar de toda a Vida'** leva moitos anos en funcionamento e ofrecen diversas actividades e ocio para a veciñanza, ademais de conformar a Comisión de Festas do Barrio. O **Espazo Veciñal de Sar**, con dous anos de vida, pretende coa súa constitución que a veciñanza e as asociacións unan forzas co fin de reconstruír e manter vivo o Barrio. O **Centro Social Autoxestionado de Sar** -CSA de Sar- ou 'Casa do Peixe'- leva cinco anos aberto no Barrio: dende a lóxica do horizontalismo e a autoxestión, é un espazo para uso dos movementos sociais e de lecer alternativo na que se realizan diversas actividades en aberto, non lucrativas e con finalidade social. A **Casa das Mulleres 'Xohana Torres'** leva aberta apenas cinco meses; promovido polo Concello, é un espazo de empoderamento e transformación social no que posibilitar a expresión da veciñanza e dos colectivos feministas e de mulleres na construción dunha sociedade máis igualitaria.

Despois dos encontros cos colectivos puidemos comprobar como **a relación entre eles non é fluída**, é máis, a relación é case inexistente e cada un actúa no ámbito do seu

interese sen practicamente tecer rede algunha cos demais. Ademais, é preciso destacar que tamén existe unha **Asociación de veciños** no Barrio pero que resulta moi complicado o contacto coa mesma, por parte dos axentes sociais e tamén pola nosa parte.

1.7 Aspectos económicos

Algúns axentes do Barrio destacan a **involución económica** dada no mesmo a partires da crise económica. Moitos negocios asentados durante longos períodos de tempo en Sar pecharon como consecuencia da recesión, provocando que as persoas do Barrio que traballaban nestas empresas tivesen que buscar traballo fóra desta área.

Por outra banda, algúns axentes tamén destacan a **ausencia de caixeiros automáticos** no Barrio, dificultando así o acceso financeiro na zona ás persoas residentes.

2. Seguimento das novas sobre o Barrio nos medios de comunicación

Como podemos observar na realización deste proxecto e no contacto coa súa xente, Sar é un barrio activo. As diferentes asociacións que integran o barrio conseguiron dinamizalo e facelo máis atractivo en canto á oferta de actividades e servizos que ofrece. Apreciamos que Sar tamén está activo nas redes sociais, onde centos de persoas comparten fotografías da Colexiata e outros lugares de interese turístico que posúe o barrio. Sen embargo, **a súa influencia tamén chega aos medios de comunicación**. Por esta razón quixemos recompilar algunhas noticias relacionadas con algúns feitos que mencionamos durante todo o traballo e plasmalas neste apartado.

Analizamos como a **seguridade** era un tema de **controversia** entre os diferentes veciños que integran o Barrio. Mentres uns o cualificaban como un barrio tranquilo e agradable para vivir, outros facían referencia a algúns actos vandálicos producidos nos últimos anos que suscitaban a súa preocupación. A continuación, podemos ver como estes foron reflectidos na prensa.

Detienen a un individuo por romper las ventanillas de varios coches en Sar



Una ola de vandalismo deja cerca de 40 coches con graves daños en dos noches

El ladrón rompió las ventanillas y robó en el interior de vehículos aparcados en Postepedriña, O Castiñeirilo y Sar // La Policía relaciona al delincuente con un menor residente en la zona

Dos heridos en un bar de Sar al estallar una bomba de palenque de madrugada

La policía cree que el ataque se debe a una venganza personal contra los dueños



Investigan una riña anterior en el bar de Sar donde explotó un artefacto

Siguen la pista a un grupo de personas que se enfrentó con el propietario unos días atrás

Ilustración 23: NOVAS PUBLICADAS NO XORNAL EL CORREO GALLEGO.

Ademais deste tipo de noticias, podemos apreciar como a prensa tamén recolle o obxecto deste traballo: as **Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado**. Na primeira noticia reflíctense os diversos problemas derivados dos trámites burocráticos que provocan que os fondos non se podan invertir de maneira inmediata, retrasando así as obras previstas para o Barrio de Sar. A continuación desta, os medios de comunicación fan referencia nunha noticia máis actual ao alcance destes fondos, que darán traballo a 27 persoas desempregadas que acometerán traballos de condicionamento das novas sendas peonís do río Sar, co fin de mellorar a súa

formación á vez que realizan obras de interese social que contribúen ao rexeneramento do barrio.



Ilustración 24: NOVAS PUBLICADAS EN LA VOZ DE GALICIA E EL CORREO GALLEGO.

Finalizamos cunha noticia de actualidade que causou furor nos medios de comunicación. Varios bonecos coas caras dos membros do grupo “La Manada” aparecían aforcados simbolicamente en Sar ao mesmo tempo que se reclamaba “feminismo e de clase”. Deste xeito podemos observar como o barrio de Sar serve a nivel municipal como un referente na **loita feminista**. Isto podemos apreciarlo do mesmo xeito na edificación inaugurada no ano 2017, a Casa de Xoana Torres, que foi froito dun proxecto da Consellería de Igualdade, Desenvolvemento económico e Turismo que puxo en marcha o chamado “Compostela, territorio de mulleres”, co fin de ser un lugar de empoderamento e de transformación social.

La Manada aparece "ahorcada" en el puente de Sar



Ilustración 25: NOVAS PUBLICADA NUN XORNAL DIXITAL.

3. DAFO

Nesta análise DAFO analizaremos o entorno do Barrio a través dunha análise interna e noutra externa. Dentro da interna, encontraríanse as DEBILIDADES e as FORTALEZAS, e dentro do externo estarían as AMEAZAS e as OPORTUNIDADES. A continuación, identificamos estes catro escenarios co que se correspondería no barrio de Sar.

Análise interna

Debilidades

1. Horarios restrinxidos das tendas do Barrio
2. Servizos insuficientes e moi limitados do Local SocioCultural
3. Existencia de só unha liña de autobús que pasa con pouca frecuencia
4. Estradas en mal estado
5. Mala accesibilidade nas beirarrúas
6. Perda de tecido empresarial como consecuencia da última crise económica (Ferrecal, carpintería Seoane, Mármoles Alende e Eiroá, etc.). Decadencia económica
7. Iluminación insuficiente e con frecuentes apagóns por tormentas
8. Non hai gardería pública nin parques para as cativas e cativos que viven no Barrio
9. Río con frecuentes inundacións provocadas polo lixo que se acumula
10. Escasas zonas de aparcamento que provocan que a xente non pare a realizar compras no Barrio
11. Non hai zonas deportivas para a rapazada
12. Vivendas construídas de escasa calidade
13. Escasa forza do asociacionismo
14. Carencia de centros de día para a xente maior do Barrio
15. Non hai abastecemento de auga en algunhas rúas do Barrio
16. Falta de carrís-bici

Fortalezas

1. Gran sentido de pertenza
2. Rexurdimento do asociacionismo
3. Comercio de proximidade baseado na confianza coa clientela, cun mercado relevo xeracional
4. Proximidade ao núcleo urbano de Santiago

5. Barrio tranquilo
6. Diversidade de idades no barrio
7. Rehabilitación das Brañas do Sar que atrae a moita xente
8. A Igrexa é un punto de encontro e de unión da veciñanza

Análise Externa

Ameazas

1. Asentamento no Barrio de xente que se dedica a actividades ilegais como o narcotráfico
2. Vandalismo nas rúas
3. Persoas asentadas no barrio que ameazan con matar gatos
4. Substitución de actividade económica con negocios locais de toda a vida por establecementos que proveñen de cadeas, que crean postos de traballo de baixa calidade
5. Proximidade do mercado de Abastos

Oportunidades

1. Asentamento de xente nova no Barrio
2. Aproveitamento do tránsito de xente que pasa para ir ao Multiusos ou a Cidade da Cultura
3. Aproveitamento dos peregrinos que realizan o Camiño da Prata
4. Zonas verdes das que dispón o Barrio
5. A creación dun Centro SocioCultural unificador do Barrio (oficial, con fondos públicos) serviría para gañar cercanía veciñal e facilitar a cooperación entre asociacións

Propostas de mellora

Por unha banda, presentamos **posibles propostas de mellora que encaixen na liña da EDUSI e que promovan o desenvolvemento socioeconómico do Barrio**. Son as seguintes:

Ampliación do Centro SocioCultural

Unha das peticións máis recorrentes que percibimos durante a realización deste proxecto foi a da ampliación do Local SocioCultural. A maioría da veciñanza coincidía en que as súas instalacións eran deficitarias, así como os seus horarios de apertura. Tan só abre as súas portas tres días a semana e en horario de tarde, polo que as actividades que pode ofrecer, tendo en conta que só ten dúas salas e a restrición horaria, son moi limitadas.

A nosa proposta baséase nunha ampliación das súas instalacións, traspasando o local para outro con maiores dimensións se iso fose posible e incrementando as horas que este servizo está dispoñible cara o público.

Sen a ampliación das súas instalacións non se poden implementar novas actividades que resulten atractivas para a xente do Barrio. Por outra banda, en canto ao horario, este podería ampliarse abrindo máis días á semana ou non só en quenda de tarde. En canto a isto, unha solución que tivemos en conta é que non haxa duplicidades de persoal nun só quenda e unha persoa atenda o Local SocioCultural en horario de mañá e outra de tarde.

Realizar unha campaña de comercio local no barrio

Un dos aspectos máis importante do Barrio é o seu marcado sentido de pertenza por parte da súa veciñanza. Deste modo vense practicando en Sar un comercio de proximidade baseado na confianza coa clientela que fai que a veciñanza acuda na maioría das ocasións ás propias tendas do Barrio para consumir. Este feito dálle importancia ao comercio asentado en Sar e provoca que os propios negocios estean enfocados cara a propia veciñanza e non á captación de potenciais clientes.

Sen embargo, aínda existen veciños e veciñas que teñen que mobilizarse a outros barrios porque os negocios da zona non son capaces de cubrir na súa totalidade as necesidades destes.

Por esta razón cremos que o comercio local ten que ampliar os seus servizos e adaptarse ás necesidades das persoas e do barrio, afianzando aínda máis, se cabe, a

confianza da clientela para así poder aproveitarse das vantaxes de practicar un comercio de proximidade.

Esa proposta relaciónase en certa medida cunha liña de actuación da EDUSI, que é a compatibilización da centralizade do casco histórico coa descentralización de servizos que potencien outros barrios da cidade.

Construción dun acceso directo á Cidade da Cultura e un parque para a veciñanza

Ao lado da Calzada Romana atópase unha finca desaproveitada, perfecta para conectar directamente a Cidade da Cultura co Barrio e fomentar un proxecto de construción dun parque e outras zonas de ocio en Sar. Este proxecto sería ideal para impulsar un proceso participativo onde a cidadanía tivese voz e voto, ao estilo de outros procesos de referencia como pode ser o de “El Campo de la Cebada”, en Madrid.

Pola outra banda, presentamos unha serie de **propostas que farían do Barrio un lugar máis amable para vivir e aumentarían o benestar da poboación residente**. Son as seguintes:

Mellora das infraestruturas públicas e das calzadas

O actual estado da calzada precisa dun urxente arranxo. O frecuente tránsito de vehículos ten que tratar coa cantidade de fochancas que ten a vía principal; dado que se trata dun barrio de tránsito dentro de Santiago, debería gardar un bo estado para a circulación. Ademais de isto, convén mellorar a infraestrutura pública (colectores, colectores de reciclaxe, papeleiras, etc.).

Mellora das liñas de autobús

Unha das mais populares queixas no barrio foi a existencia dunha única liña de autobús intraurbano, cunha frecuencia dun bus por hora os veciños non están satisfeitos co servizo de transporte público, e senten que precisan dalgunha liña mais, o que tamén sirve para unha mais completa comunicación.

Aparcadoiro para coches e para bicicletas

Precisamente pola condición actual de Barrio de tránsito, obsérvase potencial na idea de que a xente que atravesa o Barrio poida parar a consumir no comercio local, e para isto é preciso que haxa mais aparcadoiros para que sexa posible pararse.

Limpeza do río Sar

A parte do río Sar que pasa polo Barrio está cheo desperdicios e plantas que fan un negativo impacto visual, o cal pode ser moi prexudicial pola importancia turística do mesmo, especialmente debaixo da ponte.

Conclusións

Para elaborar a análise socioeconómica do Barrio de Sar, dentro do proxecto de Aprendizaxe-Servizo da materia Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local, realizamos un **traballo previo** de recollida de información a través de fotos e da consulta dos documentos proporcionados, así como fixemos unha primeira entrevista coa persoa responsable do LSC do Barrio de Sar.

Mediante a **análise socioeconómica** puidemos abordar os diferentes puntos de vista da realidade social que afectan ao Barrio. Apreciamos como Sar, que foi Concello durante dous anos, foi diminuindo a súa dimensión ata estar delimitado polo Multiusos do Sar e o Instituto, pese a que este siga sendo un tema de controversia e diversidade de opinións entre a veciñanza. Ao contrario disto, a súa variedade xeracional e o asentamento de moita xente nova fixo de Sar un barrio máis dinámico na actualidade, que se identifica cun destacado sentido de pertenza do que poucos barrios na cidade poden presumir. Nisto tivo moito que ver a Igrexa, que integrou e facilitou as relacións sociais entre as diferentes persoas que integran o barrio e axudou a que Sar se poda considerar un sitio seguro e tranquilo no que vivir, a pesar de puntuais e escasos actos vandálicos que se produciron na zona. Actualmente ten moita relevancia no barrio o asociacionismo, pois o Barrio de Sar conta coa presenza de diversos colectivos. Malia que Sar está provisto de todos os servizos públicos básicos, moitos deles contan con ineficiencias que sería preciso modificar, para mellorar a calidade de vida da veciñanza. Así mesmo, co **DAFO** preténdese ofrecer unha ampla visión do Barrio no que se podería destacar o gran número de debilidades que este posúe, ademais de que estas debilidades e ameazas son máis negativamente impactantes do que o son positivamente as fortalezas e oportunidades, polo que se pode dicir que o Barrio non parte dunha posición vantaxosa na cidade de Santiago.

As nosas **propostas de mellora** son froito das nosas visualizacións sobre as necesidades do Barrio transmitidas por numerosos axentes e a labor de investigación sobre o mesmo; nelas recóllense posibles solucións para numerosos problemas e deficiencias no Barrio, ademais de outras propostas coa intención de avivar a actividade económica e social. Destacamos a mellora da calzada e infraestruturas e a potenciación do comercio local.

Finalmente pero non menos importante, queriamos agradecer a colaboración de toda a veciñanza do Barrio neste proxecto.

Bibliografía

- Así será la nueva plaza de La Cebada. (2017, 17 enero). Recuperado 4 mayo, 2018, de <http://www.publico.es/espana/sera-nueva-plaza-cebada.html>
- Casa das Mulleres Xoana Torres. (s.f.). Recuperado 18 abril, 2018, de <https://compostelaverde.santiagodecompostela.gal/places/casa-das-mulleres-xoana-torres/>
- Santiago de Compostela: Santa María del Sar. (s.f.). Recuperado 15 abril, 2018, de <http://www.arquivoltas.com/21-LaCoruna/01-Sar1.htm>
- Colexiata Santa María a Real de Sar. (s.f.). Recuperado 15 abril, 2018, de <http://www.santiagoturismo.com/monumentos/colexiata-santa-maria-a-real-do-sar-6>
- Concello de Santiago. (2016). *Estrategia de Desarrollo Urbano Sostenible Integrado de Santiago de Compostela 2015-2025*. Recuperado de http://transparencia.santiagodecompostela.gal/media/documentos/Estratexia_EDUSI.pdf
- Fernández, C. (2018, 29 abril). La manada aparece "ahorcada" en el puente de Sar. *Compostela 24 horas*. Recuperado de <https://www.compostela24horas.com/texto-diario/mostrar/1066804/manada-appeare-ahorcada-puente-sar>
- Fontela, L. (2018, 20 abril). Solicitada la inclusión en la EDUSI de un programa de empleo que le dará continuidad a las sendas verdes del río Sar. *Compostela 24 horas*. Recuperado de <https://www.compostela24horas.com/texto-diario/mostrar/1059438/solicitada-inclusion-edusi-programa-empleo-dara-continuidad-sendas-verdes-rio-sar>
- Alonso, S. (2017, 23 junio). El Concello aún no puede acceder a los fondos Edusi y las obras se demoran. Recuperado de https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/santiago/2017/06/23/concello-puede-acceder-fondos-edusi-obras-demoran/0003_201706S23C3991.htm
- Cordero, A. (2018, 22 marzo). Una ola de vandalismo deja cerca de 40 coches con graves daños en dos noches. *El Correo Gallego*. Recuperado de <http://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/ola-vandalismo-deja-cerca-40-coches-graves-danos-dos-noches/idEdicion-2018-03-22/idNoticia-1106276/>
- Redacción. (2017, 23 diciembre). Detienen a un individuo por romper las ventanillas de varios coches en Sar. *El Correo Gallego*. Recuperado de <http://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/detienen-un-individuo-romper-ventanillas-varios-coches-sar/idEdicion-2017-12-23/idNoticia-1091069/>

- Santamaría, U. (2018, 5 marzo). Investigan una riña anterior en el bar de Sar donde explotó un artefacto. *El Correo Gallego*. Recuperado de <http://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/investigacion-riña-anterior-bar-sar-donde-exploto-un-artefacto/idEdicion-2018-03-05/idNoticia-1103038/>
- Melchor, X. (2018, 4 marzo). Dos heridos en un bar de Sar al estallar una bomba de palenque de madrugada. *La Voz de Galicia*. Recuperado de https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2018/03/04/dos-heridos-bar-sar-estallar-bomba-palenque-madrugada/0003_201803S4C3991.htm
- Concello de Santiago. As instalacións da RSC. http://santiagodecompostela.gal/medi/departamento/contratacion/CON-57-2016/con572016_Anexo_1_Instalacions_formato_pdf_.pdf

Anexos

1. Cuestionarios empregados nas entrevistas realizadas.

Os cuestionarios aquí presentados foron elaborados previamente ás entrevistas e adaptáronse a medida que estas tiñan lugar. Por outra banda, tanto para a entrevista coa responsable do Local SocioCultural coma para a entrevista cos negocios do Barrio, non empregamos guión. Os motivo foron que, no caso do Local SocioCultural, era a primeira toma de contacto co Barrio e, no caso do dos negocios, porque intentamos adaptar as preguntas ás características de cada tipo de negocio e máis ao tipo de comunicación que se daba.

1.1 Entrevista co Espazo Veciñal de Sar e coa Asociación Cultural "Eu de Sar de toda a vida"

- Delimitación física do barrio de Sar
- Caracterización xeral do barrio de Sar
 - Historia
 - Poboación (perfil socioeconómico; emprego; diversidade; perfil familiar, mocidade, envellecida)
 - Vivenda (propietarios vs inquilinos)
 - Actores sociais (asociacións)
 - Vida no barrio (sentido de pertenza, festas)
 - Turismo (camiño de Santiago, Colexiata)
 - etc.
- Percepción do barrio e dos servizos públicos
 - Sanidade (centros de saúde, farmacia)
 - Educación (infantil, primaria, secundaria)
 - Transporte público e conectividade
 - Mobiliario urbano

- Centros de día
- Mercados (supermercados)
- Seguridade
- Beleza física, barreiras arquitectónicas
- Oferta de ocio
- Instalación periféricas do barrio
- Cidade da Cultura
 - Multiusos do Sar
 - Casa Xohana Torres
 - Brañas do Sar
- Traballo e reivindicacións da Asociación
 - Implicación da veciñanza e do tecido “empresarial”
 - Redes tecidas

1.2 Entrevista co CSA do Sar

- Que é o CSA do Sar? Como funciona? Que facedes neste centro social?
- Por que escollestes Sar para cubicarvos?
- Quen participa na vosa estrutura organizativa? A xente do barrio está integrada?
- Que percepción colectiva tendes do barrio? E individual?
- Compostela Aberta tiña aos CSA de Compostela no seu programa, no sentido de recoñecer a estas entidades como elementos culturais e dinamizadores da cidade: na lexislatura actual, tivestes entón contacto co Concello?
- Como é a vosa relación coas institucións da cidade e do barrio? Cal é a vosa postura perante os novos mecanismos de participación democrática nos Concellos (presupostos participativos, etc.)?
- Que botades en falta no barrio? De cara o futuro, tendes intención de traballar por mellorar o barrio? En que aspectos?